

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 14 DE MAIO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catorce de maio de dous mil dezaoto ; as dez horas e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Javier Iglesias Sendín, Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado sete de maio de dous mil dezaoto (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non hai.

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

**ACOMETIDA DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por don José Luis Fernández Merens solicitando acometida de auga en Rúa Muñoz Calero nº2, piso 2, porta B, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 27-4-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

-Escrito da Delegación de Ourense-Lugo de Unión Fenosa Distribución , con rexistro de entrada 758 de 15 de febreiro de 2018, no que sinala “ que habendo rematado a obra p.s Maquiáns 3 Expte RIB/N/156/17, para a cal

constituíse un Aval de 3.5553,10 euros neste concello, con data de 5 de decembro de 2017, rogamos procedan a devolución do aval”

Visto o informe favorable de Aqualia e da arquitecta municipal a Xunta de goberno ACORDA.

-Proceder a devolución de aval por importe de 3.553,10 euros constituído por Unión Fenosa Distribución por obra realizada na rúa Eduardo Chao 3,5 e 7 de Ribadavia .

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Informe do Sr. Interventor Municipal de data 10.05.2018, conformado polo secretario, sobre a contratación de prestacións para cubrir necesidades de carácter recorrente ou periódico por parte do Concello. Dáse conta do mesmo por parte do Sr. Interventor, quedando enterados do mesmo todos os membros da Xunta de Goberno Local.

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando a inscrición no Rexistro de empresas e actividades turísticas do cambio de titular do Café Bar sito en Progreso 12.

-Da Deputación de Ourense circular relativa ó Programa Provincial de cooperación cos concellos e as mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza de marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2018.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **CAMPO DE FÚTBOL DO XESTAL**

Visto o artigo 9 da Lei 38/1999 de Ordenación da Edificación :

“ 1 Será considerado promotor, calquera persoa física ou xurídica , pública ou privada, que, individual ou colectivamente, decide, impulsa, programa e financia , con recursos propios ou alleos , as obras de edificación para sí ou para o su posterior enaxenación, entrega ou cesión a terceiros baixo calquera título.

2 Son obrigas do promotor:

c) Xestionar e obter as preceptivas licenzas e autorizacións administrativas , así como suscribir o acta de recepción de obra”

Considerando que dado que a Deputación Provincial redacta o proxecto e contrata as obras do Campo de fútbol do Xestal en Ribadavia, incluso aporta a súa propia maquinaria, é a promotora da actuación.

Visto o sinalado no informe de Secretaría Xeral da Deputación de 15 de decembro de 2015 asunto” Consulta del ayuntamiento de Ribadavia sobre el procedimiento a seguir y la posible responsabilidad patrimonial de las distintas administraciones públicas con respecto a la situación del campo de fútbol situado en zona de afección de la autovía A-52”:"....Distinto es el caso de la obra de reforma y ampliación del campo ,llevada a cabo entre 2011 y 2012. En este caso, los promotores fueron la Diputación y el ayuntamiento . La obra de reforma estaba sujeta también a autorización del Ministerio , tanto por el hecho de incluir una ampliación del ancho del campo, como por ser una obra que incrementaba su valor de expropiación , como , en fin, por no exceptuarse, en la Ley de Carreteras, del deber de obtención de autorización previa del Ministerio de Fomento, las obras de reforma de instalaciones o edificaciones preexistentes. Por consiguiente, la Diputación Provincial – que fue quien ejecutó la obra-debió haber obtenido, en su momento, la autorización del Ministerio de Fomento”

Visto o artigo 36.1.b) da Lei Reguladora de Bases de Réxime local que sinala como competencia propia da Deputación a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión”

En base aos principios de celeridade e eficacia que debe presidir toda a actuación administrativa.

A xunta de goberno local acorda:

Instar á Deputación Provincial a firmar de xeito inmediato o Convenio para a construción do campo de fútbol do Xestal en Ribadavia e a que se remita o proxecto ao concello de Ribadavia.

Visto o artigo 9 da Lei 38/1999 de Ordenación da Edificación :

“ 1 Será considerado promotor, calquera persoa física ou xurídica , pública ou privada, que, individual ou colectivamente, decide, impulsa, programa e financia , con recursos propios ou alleos , as obras de edificación para sí ou para o su posterior enaxenación, entrega ou cesión a terceiros baixo calquera título.

2 Son obrigas do promotor:

c) Xestionar e obter as preceptivas licenzas e autorizacións administrativas , así como suscribir o acta de recepción de obra”

Visto o sinalado no informe de Secretaría Xeral da Deputación de 15 de decembro de 2015 asunto” Consulta del ayuntamiento de Ribadavia sobre el procedimiento a seguir y la posible responsabilidad patrimonial de las distintas administraciones públicas con respecto a la situación del campo de fútbol situado en zona de afección de la autovía A-52”:"....Distinto es el caso de la obra de reforma y ampliación del campo ,llevada a cabo entre 2011 y 2012. En este caso, los promotores fueron la Diputación y el ayuntamiento . La obra de reforma estaba sujeta también a autorización del Ministerio , tanto por el hecho de incluir una ampliación del ancho del campo, como por ser una obra que incrementaba su valor de expropiación , como , en fin, por no exceptuarse, en la Ley de Carreteras, del deber de obtención de autorización previa del Ministerio de Fomento, las obras de reforma de instalaciones o edificaciones preexistentes. Por consiguiente, la Diputación Provincial – que fue quien ejecutó la obra-debió haber obtenido, en su momento, la autorización del Ministerio de Fomento”

Visto o artigo 36.1.b) da Lei Reguladora de Bases de Réxime local que sinala como competencia propia da Deputación a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión”

En base aos principios de celeridade e eficacia que debe presidir toda a actuación administrativa.

A xunta de goberno local acorda:

.PRIMEIRO.-Instar á Deputación Provincial a firmar de xeito inmediato o Convenio para a construción do campo de fútbol do Xestal en Ribadavia e a que se remita o proxecto ao concello de Ribadavia.

SEGUNDO.-Instar á Deputación Provincial a solicitar os permisos sectoriais preceptivos para a realización do proxecto.

## **APROBACIÓN DE BASES DE AUXILIARES OFICINA DE TURISMO**

Dase conta polo secretario da proposta de alcaldía , en base a comunicación recibida da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se comunica que se procede ao outorgamento dunha subvención, para a contratación de dúas persoas a tempo parcial , para a oficina de turismo por un importe de 5199,92 euros.

No expediente constan os seguintes elementos:

- 1 Bases de selección asinadas polo alcalde .
- 2 Informe xurídico .

A xunta de goberno local , tras deliberar sobre o particular, acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder á convocatoria e aprobación das bases de selección de persoal.

#### **APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE PEÓNS FORESTAIS.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía , en base a Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o concello de Ribadavia, pola que se autoriza a contratación de catro peóns forestais e dun capataz , relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir catro prazas de peón forestal.

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde
2. Informe de intervención.
3. Informe xurídico.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir catro prazas de peón forestal.

#### **APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE CAPATAZ FORESTAL.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía , en base a Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o concello de Ribadavia, pola que se autoriza a contratación de catro peóns forestais e dun capataz, relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir unha praza de capataz forestal.

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde.
2. Informe de intervención

### 3. Informe xurídico .

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de capataz.

-Dase conta do Convenio de colaboura entre o concello de Ribadavia e o Instituto de Educación Secundaria de Ribadavia para a xestión do Pavillón Municipal de Maquians.

### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.

E sendo as dez horas e trinta minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO